




GESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL



MEMORIA 2020



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

ORAL

XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL

MEMORIA 2020

PRESENTACIÓN

No ano 2020, caracterizado pola peor crise sanitaria mundial das últimas décadas, a Deputación de Pontevedra foi quen de adaptarse a unhas condicións difíciles para todas e todos e fixo un importante esforzo para facer posible que a institución servise de soporte para os concellos da provincia.

O ORAL desta Deputación Provincial de Pontevedra, que desenvolve a actividade na xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público por delegación de moitos concellos, amosou durante a pandemia ocasionada pola COVID-19 a súa capacidade de adaptación e resposta en varias liñas: por unha banda, co intenso traballo realizado en remoto polo persoal ao servizo do ORAL, que permitiu o normal desenvolvemento da aprobación de padróns e liquidacións que nutren os orzamentos dos concellos; coa activa colaboración e co asesoramento realizados no plano das posibilidades de emprendemento de medidas fiscais no ámbito local por parte dos concellos interesados, con efectos potenciais nos sectores máis afectados polos peches de servizos e actividades (posta en marcha dunha caixa de correo de resposta rápida a través da plataforma de intercambio de información cos concellos e das xuntanzas virtuais de intercambio de información); coa achega de liquidez aos concellos (liña de anticipos COVID-19, que supuxo unha contía de 1.818.971,97 euros); coas medidas de resposta rápida ás persoas que se adoptaron a través da adaptación do calendario fiscal (retrasando e ampliando os períodos de cobro en voluntaria); coa posta en marcha dun novo plan de pagos personalizado para aquelas persoas que o precisaron e, por último, coa habilitación de novas liñas de atención telefónica e métodos de atención en liña (adaptación da “chave segura” de acceso de persoas usuarias á Oficina Virtual tributaria do ORAL e impulso da aplicación de pagamentos, entre outros).

Grazas a iso e á concienciación activa da cidadanía da provincia na corresponsabilidade individual do pago dos tributos para manter os servizos públicos locais co obxectivo acadar unhas cidades e vilas máis xustas, colaborativas e sostibles, no ano 2020 puidéronse acadar, malia as arduas condicións que vivimos, uns resultados de xestión e recadación que fixeron repuntar as porcentaxes de cobro global dos padróns tributarios en xestión de cobro no ano. A porcentaxe incrementouse en máis de tres puntos porcentuais respecto á do ano 2019.

A porcentaxe de cobro efectivo ao final do exercicio foi do 89,4% tendo en conta o total dos recibos expedidos no propio ano, e do 85,88% no cobro en período voluntario, é dicir, 100,6 millóns de euros cobrados por recibos do propio ano sobre un total posto ao cobro de 112,6 millóns de euros. A porcentaxe de cobro global do IBI alcanzou o 91,24% ao final do exercicio e a do IAE o 92,62% (páxina 37 desta memoria).

Comparativamente, os tributos que incrementaron a porcentaxe de recadación en período voluntario de recadación de cobro (se engadimos a integridade dos valores en xestión de cobro durante o ano) foron o IVTM, cunha porcentaxe de recadación do 80,41% fronte ao 76,77% do ano 2019 e de recadación global do 86,88% (o incremento foi de 4 puntos porcentuais), seguido do IBI, cunha porcentaxe do 89,39% fronte ao 88,36% de 2019.

As cifras máis significativas deste ano 2020 foron as seguintes:

- Se falamos tan só de tributos e de ingresos xestionados con destino aos concellos en período voluntario e executivo, o volume de xestión que manexou o ORAL no ano 2020 situouse en 218,3 millóns de euros, que significa un incremento de 7,6 % (15,5 millóns de euros) sobre o volume de ingresos delegados desde 2016, o último ano comparativo incorporado a esta memoria.

- Os tributos locais xestionados a través de padróns (IBI, IAE, IVTM e taxas xestionadas polo ORAL na súa integridade por conta dos concellos) ascenderon a 113,8 millóns de euros (112,6 millóns de euros postos ao cobro no propio ano), 3 millóns de euros máis que o ano anterior. Deles o IBI supuxo máis de 68 millóns de euros, o IVTM uns 17,2 millóns de euros e o IAE 6,5 millóns de euros, e o resto correspondéronse con taxas por prestación de servizos e ocupacións de dominio públicos cunha contía global de máis de 22 millóns de euros
- O volume de recadación total efectuada polo ORAL para as entidades delegantes situouse en 122,8 millóns de euros, do que o 88,5% se obtivo en período voluntario. A porcentaxe de cobro global situouse no 59,52% dos cargos globais realizables a 31 de decembro de 2020.
- O 73% do total recadado no ano (89,1 millóns de euros) destinouse aos concellos de menos de 20.000 habitantes, que diminuíu con respecto a 2019 (un dos concellos delegantes pasou neste ano ao grupo dos de máis de 20.000 habitantes, concretamente o concello do Porriño).

Por outra parte, a confianza no ORAL segue incrementándose entre os concellos pontevedreses, boa proba disto son as 21 novas delegacións efectuadas por 12 concellos durante o ano.

No ORAL somos conscientes da necesidade de xeneralizar as cargas fiscais locais que determinan os concellos en virtude da súa potestade e autonomía, para facer posible entre todas e todos unha distribución equitativa e progresiva dos gastos públicos locais. Para iso é imprescindible levar a cabo un traballo continuo de saneamento e actualización das bases de datos, mellorar a calidade na atención ás persoas usuarias e colaborar de forma eficaz e eficiente entre administracións dos diferentes niveis de goberno con incidencia nas fontes de financiamento local. A este respecto incrementáronse os convenios de traspaso de información entre a Deputación e a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Intervención Xeral da Administración do Estado, Xustiza, o Servizo Público de Emprego Estatal, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Dirección Xeral de Tráfico, a Dirección Xeral da Policía, O Consello Xeral do Notariado e o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, e as relacións coa Xerencia Provincial do Catastro co obxectivo de asinar un novo convenio de colaboración estable.

Nesta liña, o ORAL iniciou un traballo intenso para mellorar as bases de datos e sanear os valores dos que hai constancia da súa situación de valores incobrables. A reforma e mellora continua no plano da dixitalización dos procesos e na modernización da atención foi, e segue sendo, o motor principal da actuación do ORAL. Neste sentido, o ORAL segue atendendo os procedementos de comprobación e inspección tributaria, con impulso renovado, de tal xeito que no ano 2020 se practicaron un total de 3.377 liquidacións polo procedemento inspector, cun valor asociado de 1,6 millóns de euros por liquidacións extraordinarias (dos que 1,4 millóns de euros correspóndese co IAE); así, ao finalizar o exercicio existía un total de 730 mil euros pendentes de cobro en diversas fases do procedemento recadatorio.

A Deputación de Pontevedra seguirá poñendo á disposición dos concellos da provincia os medios técnicos e persoais do ORAL e impulsando a colaboración en materia tributaria e recadatoria na liña da mellora da/para mellorar a suficiencia financeira dos concellos.

Carmela Silva Rego

Presidenta da Deputación de Pontevedra

ÍNDICE

1. OBXECTIVOS, VALORES, MISIÓN E VISIÓN	11
1.1 OBXECTIVOS	12
1.2 VALORES	12
1.3 MISIÓN E VISIÓN	12
2. ORGANIZACIÓN E COMPETENCIAS	13
2.1 COMPETENCIAS DO ORAL	14
2.2 RECURSOS HUMANOS E ESTRUTURA DO CADRO DE PERSOAL	14
3. NOVOS RETOS NA XESTIÓN DERIVADOS DA CRISE DO COVID19	19
4. DELEGACIÓNS TRIBUTARIAS E DOUTROS INGRESOS	23
4.1 NOVAS DELEGACIÓNS	24
4.2 DELEGACIÓNS ASUMIDAS	25
4.3 DELEGACIÓNS SEGUNDO A POBOACIÓN MUNICIPAL	26
5. FORMAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS	29
5.1 PRESENZA NO TERRITORIO PROVINCIAL	30
5.2 ATENCIÓN PERSOAL	30
6. XESTIÓN E RECADACIÓN	33
6.1 XESTIÓN E RECADACIÓN EN FUNCIÓN DO TRAMO DE POBOACIÓN	34
XESTIÓN	34
RECADACIÓN	35
6.2 XESTIÓN E RECADACIÓN SEGUNDO NATUREZA DA EXACCIÓN	37
A) XESTIÓN GLOBAL DOS PADRÓNS DO EXERCICIO	37
B) XESTIÓN VOLUNTARIA DE PADRÓNS	38
C) XESTIÓN VOLUNTARIA DE LIQUIDACIÓNS	41
6.3 TIPOLOXÍA DOS TRIBUTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS. EVOLUCIÓN DA XESTIÓN E COBRO EN PERÍODO VOLUNTARIO	43
6.4 EVOLUCIÓN DAS DOMICILIACIÓNS	47
6.5 XESTIÓN E RECADACIÓN GLOBAL	48
6.6 XESTIÓN RECADATORIA EN VÍA VOLUNTARIA	49
6.7 XESTIÓN RECADATORIA EN VÍA EXECUTIVA	50
6.8 VOLUME DE XESTIÓN DO ORAL	52
7. XESTIÓN DAS SANCIÓN DE TRÁFICO	53
8. XESTIÓN CATASTRAL	55
9. ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XESTIÓN	57
9.1 EXPEDIENTES XESTIONADOS	58
9.2 OUTRAS ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XESTIÓN	59
10. ACHEGAS DE LIQUIDEZ AOS CONCELLOS. ANTICIPOS A CONTA	61
ANEXO DETALLE DAS DELEGACIÓNS ASUMIDAS	64



Objetivos, valores, misión e visión

Dados os acordos plenarios, o ORAL configúrase como órgano desconcentrado da **Deputación de Pontevedra** encargado de colaborar cos concellos na xestión, inspección e recadación dos tributos locais e doutros ingresos de dereito público delegados nesta institución provincial e de facilitarlle á cidadanía destes concellos o cumprimento puntual das obrigas derivadas da imposición dos tributos locais e dos ingresos que xestionamos por delegación.

Estende, ademais, a súa colaboración á realización de todas as xestións e os trámites relacionados coa competencia da potestade sancionadora municipal que se lle delegue ou encomende, en especial a relativa ás multas de tráfico.

1.1 OBXECTIVOS

Con carácter enunciativo, o ORAL persegue os seguintes obxectivos:

- a) A conformación e o mantemento dos padróns dos tributos municipais co alcance e coas condicións que se conveñan
- b) A práctica de liquidacións para determinar as débedas tributarias e outros actos de xestión
- c) A recadación en período voluntario e executivo de toda clase de tributos, así como doutros ingresos de dereito público
- d) A colaboración en materia de inspección dos tributos locais
- e) O asesoramento xurídico e económico en materia de xestión tributaria aos concellos cuxa xestión fose delegada
- f) A colaboración na xestión catastral e na xestión do procedemento sancionador en materia de tráfico
- g) A prestación de calquera outra actividade ou servizo necesarios para a maior efectividade dos anteriores

Deste xeito, dáselle cumprimento ao establecido nos artigos 31, 36 e, especialmente, no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 113 a 117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

1.2 VALORES

- **Profesionalidade**, imparcialidade e **transparencia** da xestión efectuada
- Seguridade e **confidencialidade** nas relacións coa cidadanía
- **Eficacia e eficiencia** na xestión
- **Información** continuada, clara e precisa
- **Calidade**, avaliada a través de diferentes indicadores, e implantación de medidas correctoras na liña da **innovación tecnolóxica** e da mellora continua
- Compromiso coa **igualdade de oportunidades en materia de xénero**

1.3 MISIÓN E VISIÓN

Misión: A misión do ORAL consiste na **xestión, inspección e recadación** por delegación dos concellos e outros entes locais da provincia de Pontevedra que así o desexen dos ingresos públicos que permitan prestarlles ás e aos contribuíntes servizos públicos de calidade para impulsar a modernización da Administración local.

Visión: A visión do órgano é o de ser unha Administración moderna e eficaz, **referente** na xestión de tributos locais e **próxima** á cidadanía, coa finalidade de **asistir na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria en período voluntario e executivo, así como apoiar** a xestión financeira dos concellos delegantes, especialmente daqueles que contan cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.



2

Organización e competencias

2.1 COMPETENCIAS DO ORAL

De conformidade cos artigos 5 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o artigo 103 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, e o artigo 119.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e coa finalidade de levar a cabo a xestión, inspección e recadación no ámbito da provincia de Pontevedra dos recursos de dereito público, tributarios e non tributarios, das entidades locais e demais administracións públicas que efectúen a delegación ou lle encomenden o exercicio das citadas facultades e funcións á Deputación, así como a xestión de actividades catastrais segundo os convenios e a normativa que así o dispoña, a Deputación Provincial de Pontevedra, no exercicio das competencias que lle son propias, constitúe mediante acordo plenario o órgano coa denominación de **ORAL**, tal e como consta nas bases de execución dos diversos orzamentos da Deputación.

Previa sinatura dos respectivos convenios de delegación cos concellos e con outros entes, o ORAL exerce as seguintes **competencias**:

1 Xestión tributaria do IBI	2 Recadación voluntaria
3 Xestión Catastral	4 Xestión tributaria do ICIO
5 Xestión tributaria do IAE	6 Xestión tributaria do IVTM
7 Recadación executiva	8 Inspección tributaria
9 Xestión tributaria do IIVTNU	10 Xestión tributaria das taxas e outros ingresos
11 Asistencia, información e asesoramento xurídico	12 Colaboración na xestión e recadación das sancións de tráfico

A composición e o réxime de funcionamento do ORAL será o establecido no seu propio regulamento. Na súa ausencia, ou para o non disposto neste, contemplarase o establecido nas bases de execución do orzamento do exercicio correspondente a esta memoria (2020), en especial ao sinalado na súa Disposición adicional V (<https://www.depo.gal/transparencia/economica-financeira-e-orzamentaria/orzamentos>)

Para o desenvolvemento dos seus cometidos, o ORAL **estrutúrase internamente** do seguinte xeito:

- Servizo de Xestión de Recursos Públicos e Inspección
- Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI
- Servizo de Recadación
- Servizo Xurídico
- Servizo de Coordinación

Ademais, a Intervención Xeral conta cun servizo desconcentrado de contabilidade e xestión orzamentaria.

2.2 RECURSOS HUMANOS E ESTRUTURA DO CADRO DE PERSOAL

Un dos focos de atención prioritaria no ORAL ten que ver co investimento na relación e cualificación dos recursos humanos cos que conta este órgano para a atención dos seus cometidos. Neste sentido, en anos anteriores iniciouse un proxecto en relación cos recursos humanos dispoñibles do ORAL con tres liñas de actuación principais: a estabilización do emprego, a funcionarización de efectivos e a tecnificación do desempeño, aspectos nos que se logrou avanzar no ano 2020 a pesar das difíciles circunstancias sobrevidas coa crise da COVID-19 e as restricións de mobilidade e capacidades dos espazos derivadas desta situación que dificultaron enormemente as accións de selección e promoción de efectivos.

O ORAL cerrou o exercicio 2020 cun total de 149 postos de traballo na súa RPT, dos cales 136 estaban ocupados, ben en propiedade (109) ou ben en réxime de interinidade (27). Se ben do anterior pode deducirse un lixeiro decremento na ocupación respecto ao ano anterior, os procesos de estabilización e cobertura definitiva de postos vacantes a través de convocatorias públicas que se desenvolveron ao longo do exercicio provocaron esta situación de carácter transitorio que se paliará a comezos do ano 2021 coa súa conclusión definitiva, incrementando o número de efectivos a disposición dos concellos da provincia para a xestión e recadación dos seus tributos e doutros ingresos de dereito público, en postos ocupados definitivamente, especialmente naqueles de maior cualificación.

En canto ao modo de prestación de servizos do persoal e malia as demoras e incidencias experimentadas como consecuencia da COVID-19, desenvolveuse neste exercicio 2020 de xeito completo o procedemento de funcionarización do persoal das categorías C1 e C2, que posibilitou o acceso a unha relación de carácter estatutario a un total de 72 traballadoras e traballadores do grupo C1 e 3 do grupo C2 que mantiñan con esta Administración unha relación de carácter laboral, retrasando a súa toma de posesión para o mes de febreiro de 2021.

Finalmente, en relación coa tecnificación do órgano, ao longo do ano 2020 desenvolvéronse os procesos selectivos previstos para a cobertura definitiva destas prazas, poñendo a disposición da organización tres novos técnicos en distintas áreas operativas do servizo á vez que se continúa co desenvolvemento de procesos de selección de prazas xa orzamentadas e incluídas nas vixentes ofertas de emprego público.

Distribución do persoal por sexo e categoría profesional:

Para avaliar a distribución por sexo dentro de cada categoría profesional empregárase como indicador o índice de presenza relativa de homes e mulleres (IPRMH)¹, que permite analizar a fenda existente entre ambos xéneros na ocupación dos postos, considerándose aqueles resultados situados no rango de equilibrio (0,8 - 1,2) adecuados á composición equilibrada que se define na disposición adicional primeira da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Durante o ano 2020, a composición dos postos ocupados segundo a categoría profesional presentou o seguinte detalle:

Grupo	Mulleres	Homes	IPRMH
A1	3	4	0,86
A2	3	3	1
C1	53	41	1,13
C2	21	8	1,45
Total	80	56	1,18


Adoptando unha visión histórica que nos permita analizar a evolución experimentada ao longo dos últimos tres períodos, no conxunto dos postos ocupados non se experimenta variación ningunha no IPRMH respecto ao ano 2019, aianzando un cadro de persoal con maior presenza feminina no que non se observan fendas de xénero globais.



¹ Metodoloxía de cálculo: $IPRMH = \frac{\text{Núm. de mulleres} - \text{Núm. de homes}}{\text{Núm. de mulleres} + \text{Núm. de homes}} + 1$

representando maior presenza feminina en valores superiores a 1 ou masculina cando se sitúan baixo este limiar.


Porén, afondando en cada unha das categorías si se aprecian cambios significativos, desaparecendo a fenda de xénero existente na categoría A2, que pon de manifesto a tendencia ao acceso por parte das mulleres nas distintas convocatorias públicas, acadando a paridade entre ambos os xéneros, e consolidando as diferenzas na categoría C2, cunha maior presenza feminina.



Sen prexuízo do anterior, o ORAL continúa manifestándose a prol da necesidade de impulsar constantemente propostas no marco do Plan de igualdade aprobado pola Deputación de Pontevedra.

Distribución do persoal por tipo de relación e categoría profesional²:

Grupo	Persoal funcionario	Persoal laboral
A1	7	0
A2	6	0
C1	4	90
C2	2	27
Total	19	117



En canto á relación de servizos e á súa distribución respecto da dotación de persoal de carácter laboral e funcionario, nos datos efectivos a 31 de decembro de 2020 non se experimentaron variacións significativas con respecto aos do exercicio 2019, pois a incidencia da COVID-19 impediu a finalización do proceso de funcionarización segundo a previsión inicial diferíndose os seus efectos a primeiros do ano 2021.


²Na data de publicación da presente Memoria 2020, 72 traballadoras e traballadores do grupo C1 e 3 do grupo C2 tomaron posesión como funcionarios da Deputación de Pontevedra.

Distribución do persoal por rango de idade e categoría profesional:

Grupo	Menos de 30 anos	De 30 a 45 anos	De 46 a 55 anos	De 56 a 65 anos
A1	0	3	2	2
A2	0	3	2	1
C1	3	24	43	24
C2	0	20	7	9
Total	3	50	54	36



Distribución do persoal por localización do posto de traballo:



Evolución dos recursos humanos:



Por último, é destacable que o impulso nas tres liñas de actuación identificadas no ámbito dos recursos humanos (estabilización do emprego, funcionarización de efectivos e tecnificación do desempeño) continuará a ser unha prioridade para este órgano no vindeiro ano, do seguinte xeito:

- En relación coa estabilización do emprego temporal: finalización dos procedementos de consolidación do emprego temporal desenvolvidos no exercicio 2020 e non rematados por causa das demoras producidas derivadas da crise da COVID-19.
- No relativo á funcionarización do persoal: proposta de funcionarización de novos postos de carácter laboral.
- En canto á tecnificación do desempeño: desenvolvemento efectivo dos procesos selectivos relativos ás prazas xa orzamentadas, así como a inclusión no orzamento 2021 de catro novas prazas de carácter técnico (un A1 e tres A2) na relación de postos de traballo do ORAL.





3

**Novos retos na
xestión derivados da
crise do covid19**

O desenvolvemento da actividade realizada polo ORAL estivo no ano 2020 profundamente marcado pola incidencia da crise derivada da pandemia da COVID-19. Como consecuencia, o órgano de xestión e recadación tivo que afrontar de xeito moi áxil unha serie de novos retos, tanto relativos á súa organización interna coma no labor de asistencia que lles presta ás persoas contribuíntes e aos concellos e outras entidades delegantes, e que desembocaron nun conxunto de medidas concretas canalizadas a través de distintas accións transversais.

Medidas tributarias tendentes a flexibilizar os pagos por parte das persoas contribuíntes

A declaración do primeiro estado de alarma e a suspensión dos prazos recadatorios contemplada no R. d. 463/2020, modificado polo R. d. 465/2020 e matizado polo R. d. l. 8/2020, canalizouse no ORAL na paralización das actuacións da recadación executiva, a suspensión dos prazos relativos a aprazamentos e fraccionamentos en vigor e na modificación dos períodos de cobro e emisión de liquidacións inicialmente previstos. Como consecuencia, a cobranza relativa ao primeiro trimestre de taxas e prezos públicos, cuxo desenvolvemento se prevía inicialmente entre o 2 de febreiro e o 6 de abril, viuse interrompida e finalmente ampliada ata o 22 de xuño. A esta modificación sucedeuna o retraso daquelas cobranzas de taxas restantes, co que o cobro da meirande parte dos tributos de carácter periódico se concentrou no segundo semestre do ano. Do mesmo xeito, a finalización do período de cobro do imposto sobre vehículos de tracción mecánica retrasouse tres meses respecto á previsión inicial, e ampliáronse os períodos voluntarios de cobro do imposto sobre bens inmobles e o do imposto sobre actividades económicas.

Para favorecer o cumprimento das obrigas tributarias, desde o ORAL promoveuse a modificación da ordenanza fiscal ata o momento vixente, mediante a introdución dunha disposición transitoria cuxa finalidade era que aquelas persoas contribuíntes que o desexasen puidesen acollerse a unha nova modalidade extraordinaria do Plan personalizado de pagamento, que permitía o reparto en 6 mensualidades dos tributos de exacción obrigatoria sen a aplicación de xuro ningún e sen que se establecese unha contía mínima no importe de cada un dos prazos.

Paralización do traballo de campo nas actuacións inspectoras

No ámbito da inspección non foi posible levar a cabo as visitas aos locais ou dependencias dos obrigados tributarios, nin tampouco foron citados estes para a firma de actas, debido ás restricións sanitarias. Acordouse, así mesmo, non notificar as liquidacións derivadas dos procedementos inspectores en trámite nin iniciar outros novos, a pesar de que a normativa si o permitía, sempre que se respectara a ampliación dos prazos establecidos polos R. d. 8/2020 e R. d. 11/2020. Esta decisión estivo motivada polo peche da maior parte da actividade económica co afán de non agravar máis a complicada situación pola que estaba a pasar a meirande parte da cidadanía. Non obstante, si se levaron a cabo traballos de análise, cruce de datos, afloramento de débedas, recompilación de información, confección de estudos e informes que serviron de apoio para a elaboración dos plans de traballo trimestrais. Nos seguintes que se confeccionaron e mesmo na actualidade séguese a modular o recollido no plan de inspección en vigor tendo en conta os sectores máis afectados pola crise económica derivada da conxuntura sanitaria xerada pola COVID-19.



Medidas tendentes a garantir a liquidez das entidades delegantes

Coa finalidade de dotar aos concellos da liquidez necesaria para afrontar o gasto público derivado da nova realidade e evitar que a modificación do calendario fiscal provocase alteracións substanciais na planificación da tesourería dos entes delegantes, aprobouse de maneira excepcional unha nova regulación para a concesión de anticipos extraordinarios que lles facilitaba a todas aquelas entidades a obtención de ata o 100 % da recadación efectiva dos padróns de taxas e prezos públicos realizada no exercicio 2019 polos mencionados tributos.

Reforzo da colaboración cos concellos en materia de medidas fiscais

Para facilitar a implantación de novas políticas nos concellos delegantes destinadas a paliar os efectos desfavorables da crise da COVID-19, especialmente naqueles sectores máis afectados, desde o ORAL intensificouse o labor de asesoramento que tradicionalmente se desempeñaba abrindo dúas novas liñas de comunicación cos concellos (nova liña telefónica e Buzón COVID na plataforma de intercambio cos concellos), ofrecendo colaboración para a resolución de dúbidas e asesoramento na tramitación de expedientes necesarios para a modificación das ordenanzas fiscais en relación coas medidas extraordinarias que, no contexto da súa autonomía local, quixeran implantar. Tamén se reforzou este asesoramento coa realización durante o ano de dúas xornadas telemáticas de traballo conxunto para a posta en común das principais novidades e conclusións de interese

ORAL desde a casa. Medidas tendentes a evitar o desprazamento innecesario fóra do fogar

No ano 2020 a atención presencial do ORAL viuse limitada durante o período de vixencia do primeiro estado de alarma, froito dos novos requirimentos que a conxuntura sanitaria imponía. Porén, coa finalidade de evitar que esta limitación prexudicase o dereito á asistencia do que gozan as persoas contribuíntes, produciuse un reforzo dos medios non presenciais. No relativo aos medios electrónicos aprobouse o sistema de identificación para a realización de trámites tributarios urxentes e inaprazables, a través da Oficina Virtual Tributaria, baseado no sistema Cl@ve; incluíuse a tramitación de fraccionamentos e aprazamentos en período voluntario a través da Oficina Virtual Tributaria e púxose en marcha unha aplicación móbil de pagamentos. Finalmente, procedeuse ao reforzo das liñas de atención telefónica para a redución dos tempos de espera.



A implantación destas medidas levou aparelladas unha serie de consecuencias con efectos nos resultados económicos que provocan que a análise dos datos que nos vindeiros apartados se presentan deba realizarse desde unha óptica diferente, especialmente no que atinxe á súa comparación con períodos anteriores. En liñas xerais, e sen prexuízo da incidencia daqueles factores externos derivados da crise sanitaria, poden destacarse os efectos que de seguido se sinalan:

- A extensión da duración dos períodos de cobranza perfílase como un dos factores que incidiu positivamente no incremento da porcentaxe da recadación voluntaria de padróns.
- A alteración da planificación na emisión das liquidacións trasladou a un momento posterior os seus efectos, coincidindo cunha merma na capacidade de pago das economías domésticas. O efecto mais notorio recaeu nos cobros en período voluntario das liquidacións de ingreso directo, nas que se aprecia unha baixada da recadación.
- O retardo e a concentración das cobranzas durante o segundo semestre de 2020 limitou o tempo durante o que, sobre os valores impagados, puideron desenvolverse actuacións de recadación estritamente executiva, o que incidiu na redución da porcentaxe de cobro en período executivo.
- No caso das taxas de cobro periódico, a súa concentración ao final do exercicio impediu en maior medida a contabilización no exercicio do importe íntegro recadado por valores domiciliados.
- A introdución de medidas específicas tendentes a paliar as dificultades transitorias de liquidez na tesourería dos entes delegantes contribuíu ao incremento do importe anticipado con carácter extraordinario.






4

Delegacións tributarias e doutros ingresos

4.1 NOVAS DELEGACIÓNS



Ao longo do exercicio 2020 incorporáronse as seguintes delegacións e encomendas de xestión:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)

- **Agolada:** Liquidación previa á matriculación.
- **Arbo:** Liquidación previa á matriculación.
- **Caldas de Reis:** Liquidación previa á matriculación.
- **Fornelos de Montes:** Liquidación previa á matriculación.
- **Pontecesures:** Liquidación previa á matriculación.
- **Rodeiro:** Liquidación previa á matriculación.
- **Soutomaior:** Liquidación previa á matriculación.
- **Vilaboa:** Xestión, inspección, recadación e liquidación integral do imposto.

Imposto sobre bens inmobles (IBI)

- **Fornelos de Montes:** Xestión, inspección, liquidación e recadación.
- **Vilaboa:** Inspección.

Imposto sobre actividades económicas (IAE)

- **Fornelos de Montes:** Xestión, liquidación e recadación.

Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)

- **Fornelos de Montes:** Inspección da liquidación provisional e a emisión, recadación e revisión da liquidación definitiva.
- **Vilaboa:** Inspección da liquidación provisional.

Plusvalía (IIVTNU)

- **Fornelos de Montes:** Xestión, inspección, liquidación e recadación.

Taxas e outros ingresos

- **Cambados:** Xestión, inspección, liquidación e recadación relacionadas co servizo de tratamento de residuos na plataforma loxística inversa do polígono industrial de Cambados.
- **Fornelos de Montes:** Xestión, liquidación e recadación da taxa por recollida de lixo, sumidoiros, abastecemento de augas, cemiterio municipal, entrada de vehículos a través de beirarrúas, ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras, inspección da liquidación da taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración (tamén chamada taxa do 1,5), colaboración na tramitación e competencias da fase instructora de expedientes sancionadores en materia de tráfico, así como recadación voluntaria e executiva destas.
- **A Lama:** Xestión, liquidación e recadación tributaria da taxa por entrada de vehículos e reservas de vía pública.

- **Tomíño:** Xestión, liquidación e recadación da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e outros.
- **Vilaboa:** Xestión, liquidación e recadación da taxa por recollida de lixo e polo servizo de sumidoiros, inspección da liquidación da taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración (tamén chamada taxa do 1,5), inspección da taxa por licenza de obras, así como a emisión, recadación e revisión da liquidación definitiva de cada un destes tributos.

Recadación executiva

- **Valga:** Recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público pendentes de cobro na tesourería municipal.

Sancións de tráfico

- **Fornelos de Montes:** Colaboración na tramitación e competencias da fase instructora de expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, así como recadación voluntaria e executiva.


4.2 DELEGACIÓNS ASUMIDAS

O ORAL asume delegacións por conta de 63 entidades locais, das que 54 son municipios. Atendendo á tipoloxía de ingreso, a distribución das delegacións e encomendas de xestión asumidas pola Deputación de Pontevedra na actualidade é o seguinte:

Concepto	Nº de delegacións
IBI	50
IAE	50
IVTM	47
Altas no IVTM	28
IIVTNU	25
Multas de tráfico	32
ICIO	29
Xestión catastral	48
Taxas	49
Recadación executiva	51

RESULTADOS CLAVE

Porcentaxe dos concellos da provincia que delegaron no ORAL:




4.3 DELEGACIÓNS SEGUNDO A POBOACIÓ MUNICIPAL

Entre as competencias propias das deputacións, trala aprobación da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, destaca a **asistencia na prestación dos servizos** de xestión da recadación tributaria en período voluntario e executivo e dos servizos de apoio á xestión financeira dos concellos cunha poboación **inferior aos 20.000 habitantes**.

A distribución por tramos de poboación dos 61 concellos da provincia de Pontevedra é a seguinte³:

Rango	Menos de 5.000 hab.	De 5.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.
Núm. de concellos	23	28	8	2



³Fonte: INE. Cifras oficiais de poboación dos municipios españois. Revisión padrón municipal 2020.


A desagregación do total de delegacións por tramos de poboación é a seguinte:

Delegacións	Concellos de menos de 5.000 hab.	Concellos de 5.001 a 20.000 hab.	Concellos de 20.001 a 50.000 hab.	Total concellos de menos de 20.000 habitantes	Total concellos delegantes
IBI	21	24	5	45	50
IAE	21	24	5	45	50
IVTM	21	21	4	42	46
Altas no IVTM	11	7	3	18	21
IIVTNU	8	13	4	21	25
Multas de tráfico	8	20	4	28	32
ICIO	9	14	5	23	28
Xestión catastral	20	23	5	42	48
Taxas	22	21	45	43	48
Recadación executiva	22	23	6	45	51

Un total de 51 concellos da provincia teñen menos de 20.000 habitantes, o que representa o 83,61 % do total de municipios da provincia de Pontevedra. Dentro deste colectivo **máis do 94 %** dos concellos teñen delegada algunha competencia tributaria no ORAL.


Os tributos que máis comunmente se delegan son os impostos obrigatorios (IBI, IAE e IVTM), delegados no ORAL por máis do 80 % do total de concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, (máis do 88 % no caso do IBI e do IAE, e máis do 84 % no caso do IVTM).

Do mesmo xeito, máis do 88 % do total de concellos de menos de 20.000 habitantes (45 concellos) delegan no ORAL a **recadación executiva**.



Concellos de menos de 20.000 habitantes que delegaron competencias no ORAL:

O seguinte gráfico mostra a distribución de delegacións en relación coas diferentes figuras tributarias dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia:





Formas de prestación dos servicios

5.1 PRESENZA NO TERRITORIO PROVINCIAL

Para a consecución dos seus fins o ORAL presta servizos nas instalacións situadas na cidade de Pontevedra e conta con delegacións territoriais en 23 concellos da provincia (Arbo, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, A Cañiza, Crecente, Covelo, A Estrada, Lalín, Moaña, As Neves, Nigrán, Pontearreas, Ponte Caldelas, Pontevedra, O Porriño, O Rosal, Sanxenxo, Tomiño, Tui, Vigo e Vilanova de Arousa), o que permite unha atención presencial máis próxima ás persoas residentes nos concellos que teñen delegada a súa xestión.


Oficinas do Oral

- Arbo
- Bueu
- Caldas de Reis
- Cambados
- Cangas
- Cañiza, A
- Crecente
- Covelo
- Estrada, A
- Lalín
- Moaña
- Neves, As
- Nigrán
- Pontearreas
- Ponte Caldelas
- Pontevedra
- Porriño, O
- Rosal, O
- Sanxenxo
- Tomiño
- Tui
- Vigo
- Vilanova de Arousa



5.2 ATENCIÓN PERSOAL

A incidencia da crise da COVID-19 mudou ao longo do ano 2020 o sistema establecido ata o momento para a atención ás persoas contribuíntes e supuxo a consolidación da tendencia á alza dos medios non presenciais, que xa se viña experimentando desde o ano 2018.



Atención telefónica

No ano 2020 a atención presencial do ORAL viuse limitada durante o período de vixencia do primeiro estado de alarma, froito dos novos requirimentos que a conxuntura sanitaria impoñía. Porén, coa finalidade de evitar que esta limitación prexudicase o dereito á asistencia do que gozan as persoas contribuíntes produciuse un reforzo dos medios non presenciais, potenciando especialmente, amais dos medios electrónicos, a canle telefónica.



Así, ao longo deste ano produciuse un incremento do 64,61 % das asistencias telefónicas totais respecto ao exercicio 2019, acadando máis de 60.000 atencións deste tipo, das cales unha porcentaxe superior ao 90 % supuxeron consultas realizadas polas persoas contribuíntes.

Oficina Virtual Tributaria e outros medios electrónicos:

Outro dos medios dispoñibles para reducir os desprazamentos é o que supuxo a Oficina Virtual Tributaria do ORAL, que fora dotada dunha serie de funcionalidades adicionais no ano 2019 e a través da cal calquera persoa pode realizar as tramitacións en liña daqueles tributos que os concellos deleguen no órgano provincial. Ao longo do ano 2020, coa finalidade de facilitar o seu acceso, aprobouse o sistema de identificación para a realización de trámites tributarios urxentes e inaprazables baseado no sistema Cl@ve incorporáronse novas facilidades vencelladas á tramitación de fraccionamentos e aprazamentos en período voluntario.

O total de transaccións rexistradas durante o ano 2020 foi de 557.038, das que máis do 73 % foron consultas (409.671 transaccións), delas o 24,19 % refírense a débedas pendentes (99.100 consultas) e o 22,18 % a domiciliacións (90.860 consultas). O resto das consultas referíronse a presentacións electrónicas (8.255, o 2,02 %); a datos fiscais da persoa contribuínte (6.415, o 1,57 %); a consultas de obxectos tributarios (18.015, 4,40 %) e a consultas de parcelas rústicas (o 0,06 %, 226 consultas).

Ao total de consultas habería que sumarllas as efectuadas mediante o Simulador de Plusvalías-IIVTNU, que foron 1.279 simulacións.

En canto ás transaccións operativas, cun total de 147.367, estas materializáronse en modificacións de bases de datos das persoas contribuíntes e das súas domiciliacións de débedas (das que máis dun 10 % foron modificacións de datos persoais e do domicilio (un total de 14.750 modificacións) e 2.292 en modificación e xestión de domiciliacións (altas e baixas), notificacións, pagos, presentacións electrónicas e, por último, en menor medida, identificación da condutora ou do condutor en expedientes de sancións de tráfico.

Páxina web (www.depo.gal/oral-xestion-tributaria-e-catastral)

Como complemento, o ORAL facilita a través do seu sitio web, integrado na páxina da Deputación Provincial, unha ferramenta de consulta autónoma destinada ás persoas contribuíntes e aos concellos con tributos delegados.

As visitas durante o ano 2020 ascenderon a un total de 241.368. As seccións máis visitadas foron a propia páxina de inicio, que recolle as noticias de “ORAL informa”, as sedes e horarios de atención, a información sobre medios de pagamento, preguntas frecuentes, medios de contacto, información sobre tributos concretos como IBI ou IIVTNU ou o apartado “O meu Concello”.





Xestión e recadación


6.1 XESTIÓN E RECADACIÓN EN FUNCIÓN DO TRAMO DE POBOACIÓN

XESTIÓN

A evolución da integridade dos valores xestionados polo ORAL en función do tramo de poboación no que os concellos se sitúan, veuse claramente influenciada no último ano polo crecemento demográfico experimentado por algúns municipios xestionados polo ORAL, presentando o seguinte detalle:

Entidades delegantes	Volume de xestión: Entes delegantes					% Incremento (2020/2016)
	2016	2017	2018	2019	2020	
Concello de menos de 5.000 habitantes	26.625.432,75	25.677.679,20	27.902.605,73	27.470.569,48	27.673.085,60	3,93%
Concello de máis de 5.000 e menos de 20.000 habitantes	132.614.740,07	137.397.947,20	142.765.780,40	144.552.049,36	129.973.130,72	-1,99%
Concello de máis de 20.000 habitantes	37.281.191,36	39.404.396,96	39.834.847,18	39.935.593,10	54.506.446,13	46,20%
Outros entes	6.293.410,04	5.990.198,11	5.936.453,03	5.780.820,20	6.188.950,94	-1,66%
Total	202.814.774,22	208.470.221,47	216.439.686,34	217.739.032,14	218.341.613,39	7,66%





A **contía económica** dos valores correspondentes aos concellos de menos de 20.000 habitantes evolucionou de xeito negativo tanto respecto ao período anterior coma respecto ao ano 2016, motivada fundamentalmente polo crecemento demográfico experimentado polo concello do Porriño e que supuxo unha alteración do intervalo no que os datos correspondentes a este se incluían. Deste xeito, para coñecer as verdadeiras consecuencias desta modificación e poder realizar unha comparación homoxénea é preciso acudir á variación absoluta experimentada en ambos tramos. Así, o decremento respecto ao exercicio anterior no colectivo de menos de 20.000 habitantes, suavizado polas novas delegacións asumidas polo ORAL, e que se sitúa en 14.376.402,52 €, en valor absoluto, vese compensado en maior medida co incremento experimentado nos de máis desta cifra, que se situou en 2020 en 14.570.853,03 €.

RECADACIÓN

O período de recadación voluntaria aprazouse como consecuencia da crise da COVID, polo que a comparativa da contía da recadación está afectada por esta modificación temporal no calendario. Así, o retardo e a extensión da duración dos períodos de cobranza incidiu positivamente no incremento da porcentaxe da recadación voluntaria de padróns pero limitou o tempo durante o que, sobre os valores impagados, puideron desenvolverse actuacións de recadación estritamente executiva, o que contribuíu á redución da porcentaxe de cobro en período executivo.

Deste xeito, os resultados relativos á recadación definitiva remitida aos concellos e entes delegantes de carácter local, sumando a dos cobros en período voluntario e en período executivo, amosan fronte ao ano 2016 un **crecemento global nominal do 5,37 % ao final do ano 2020, o que representa un crecemento do 3,50 % nos últimos catro exercicios (2017-2020)**. A desagregación por tramos de poboación de concellos e outros entes é a seguinte:

Entidades delegantes	Total recadado no exercicio. Entidades delegantes					% incremento 2020/2016	% incremento 2020/2017
	2016	2017	2018	2019	2020		
Concello de menos de 5.000 habitantes	16.655.228,85	15.560.840,81	16.793.674,94	16.779.685,77	16.713.209,87	0,35%	7,41%
Concello de máis de 5.000 e menos de 20.000 habitantes	74.471.024,79	77.307.130,67	78.697.962,37	79.809.084,55	72.955.867,11	-2,03%	-5,63%
Concello de máis de 20.000 habitantes	22.428.117,67	23.101.963,28	23.476.314,01	23.764.191,12	30.698.259,15	36,87%	32,88%
Outros entes	3.070.885,81	2.756.520,74	2.720.638,28	2.630.621,73	2.516.332,41	-18,06%	-8,71%
Total	116.625.257,12	118.726.455,50	121.688.589,60	122.983.583,17	122.883.668,54	5,37%	3,50%
Total voluntaria	100.193.434,15	103.527.291,30	106.349.315,56	107.302.338,37	108.722.321,30	8,51%	5,02%
Total executiva	16.431.822,97	15.199.164,20	15.339.274,04	15.681.244,80	14.161.347,24	-13,82%	-6,83%

A esta recadación de 122.883.668,54 euros cómpre sumarlle, igual que en exercicios anteriores, a recadación correspondente a valores cobrados pendentes de liquidación definitiva aos concellos e entes (pagos fraccionados, pagos parciais etc.), que supuxo 2.022.745,07 euros no ano 2020, cun resultado acumulado de 4.397.165,52 euros a 31 de decembro de 2020.



6.2 XESTIÓN E RECADACIÓN SEGUNDO NATUREZA DA EXACCIÓN

A recadación tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas ao cobro das débedas tributarias, que se realizará en período voluntario, co pagamento nos prazos previstos no artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, ou en período executivo.

A continuación preséntanse os datos de xestión do ORAL relativos ao exercicio 2020, así como a súa evolución comparativa, atendendo de xeito diferenciado á xestión realizada por recibos e liquidacións de ingreso directo.


A) XESTIÓN GLOBAL DOS PADRÓNS DO EXERCICIO

A efectos desta memoria, inclúense baixo este epígrafe as débedas de cobro periódico por recibo, coma impostos ou taxas. A xestión global dos padróns do exercicio aglutina os resultados acadados en cada unha das cobranzas tanto en período voluntario como executivo. Por tipoloxía de tributo, os resultados preséntanse na seguinte táboa:

Resumo da xestión global dos padróns do exercicio:

Concepto	Cargo líquido padróns 2020	Cargo líquido posto ao cobro en 2020	Cobros voluntaria padróns 2020	% do vol. de padróns 2020	Cobros executiva padróns 2020	Baixas executiva padróns 2020	Total cobros padróns 2020	% global padróns 2020
IAE (non homologado)	6.540.953,56	6.540.953,56	5.925.835,60	90,60%	132.023,27	151,16	6.057.858,87	92,62%
IVTM	17.258.370,13	17.258.370,13	13.877.967,72	80,41%	1.094.194,04	5.111,47	14.972.161,76	86,78%
IBI	68.012.045,69	68.012.045,69	60.794.291,48	89,39%	1.229.766,46	33.562,61	62.024.057,94	91,24%
TAXAS (Incluídos ptes. aplicación 31/12)	22.024.249,33	20.797.593,87	17.162.630,10	82,52%	416.612,83	52.494,81	17.579.242,93	84,74%
Total	113.835.618,71	112.608.963,25	97.760.724,90	85,88%	2.872.596,60	91.320,05	100.633.321,50	89,44%

A recadación global dos padróns do exercicio situouse un 89,44 %, cifra que se superou no caso do IBI e do IAE.




B) XESTIÓN VOLUNTARIA DE PADRÓNS

A recadación en vía voluntaria o 31 de decembro de 2020 de valores efectivos (cargos líquidos) xestionados por padróns, atendendo aos que nesa data estivesen efectivamente cobrados durante o período voluntario, excluíndo domiciliacións bancarias e fraccionamentos pendentes de peche, foi de 99.410.123,63€.

Detalle da xestión voluntaria de padróns:

Exercicio	Pte. Inicial voluntaria (01/01)	Cargos do exercicio en vía Voluntaria	Baixas en vía Voluntaria	Cargo líquido do exercicio	A Xestionar	Recadación voluntaria	Voluntaria non finalizada	% Cobros (31/12)	% Real
2016	8.217.758,92	109.602.775,91	434.915,15	109.167.860,76	117.385.619,68	91.921.023,47	9.206.255,35	78,31%	84,97%
2017	9.206.255,35	110.293.609,42	545.774,13	109.747.835,29	118.954.090,64	93.264.703,90	9.916.730,37	78,40%	85,53%
2018	9.916.730,37	111.783.745,23	297.789,88	111.485.955,35	121.402.685,72	94.927.634,40	10.228.886,66	78,19%	85,39%
2019	10.228.886,66	111.274.432,59	527.848,12	110.746.584,47	120.975.471,13	96.838.834,10	7.713.506,36	80,05%	85,50%
2020	7.713.506,36	114.221.470,07	385.851,36	113.835.618,71	121.549.125,07	99.410.123,63	9.370.415,18	81,79%	88,62%



A porcentaxe de cobro experimentou un incremento respecto ao ano 2019 en máis de 3 puntos porcentuais (85,50% no ano 2019), froito das medidas de incremento dos períodos de cobranza implantadas para paliar os efectos da crise da COVID, así como dos procedementos de depuración desenvolvidos. Este incremento tamén resulta palpable en relación co exercicio 2016, cuantificándose en máis de 7 de millóns de euros, o que representa unha porcentaxe de cobro do **88,62%** fronte ao 84,97% do ano 2016.

O detalle da evolución homoxeneizada⁽⁴⁾ dos recibos xestionados no ORAL clasificados en relación coas principais figuras tributarias detállanse no seguinte cadro:

Cargos por conceptos de padrón – Evolución homoxeneizada					
Concepto	2016	2017	2018	2019	2020
IBI	64.257.390,36	64.714.208,71	67.267.722,07	67.641.296,60	68.012.045,69
IAE	5.878.435,97	6.058.779,73	⁽¹⁾ 5.921.484,61	6.185.644,14	6.540.953,56
IVTM	16.618.933,17	16.731.307,25	16.717.388,01	16.757.258,74	17.258.370,13
Taxas	22.413.101,26	22.243.539,60	20.783.217,64	20.162.384,99	22.024.249,33




⁴Contía homologada do IAE de 2018 unha vez rectificadas os erros materiais da matrícula do imposto publicada pola AEAT no Concello do Porriño

O incremento das magnitudes dos cargos por padrónsponse de manifesto en maior medida no imposto sobre vehículos de tracción mecánica que, tras anos amosando un crecemento homoxéneo que non alcanzaba o 1 % interanual, se sitúa en 2020 en case un 3 %, cun incremento de algo máis de medio millón de euros. Igualmente significativo resulta o incremento experimentado nos cargos de taxas, que amosaron un crecemento do 9,23% interanual, o que significou un incremento de case dous millóns de euros respecto ao ano anterior. Nos conceptos restantes, se ben se produciron incrementos no volume, estes amosan tendencias semellantes ás do exercicio anterior. Tras este comportamento, a maiores da incidencia que produce a extensión da duración dos períodos de cobranza xa comentada, contribúe o desenvolvemento de procedementos de depuración de datos realizado durante o ano.



C) XESTIÓN VOLUNTARIA DE LIQUIDACIÓNS



O total de valores xestionados ao longo do ano 2020 en período voluntario a través de liquidacións de ingreso directo detállase na seguinte táboa:

Resumo da xestión voluntaria de liquidacións:


Exercicio	Pte. Inicial voluntaria (01/01)	Cargos do exercicio en vía Voluntaria	Baixas en vía Voluntaria	Cargo líquido do exercicio	A Xestionar	Recadación voluntaria	% Cobros	Voluntaria non finalizada (31/12)	% Real
2016	4.300.995,59	11.384.394,52	657.663,08	10.726.731,44	15.027.727,03	8.272.377,60	55,05%	3.832.217,98	73,89%
2017	3.832.217,98	13.228.642,25	552.466,28	12.676.175,97	16.508.393,95	10.252.442,69	62,10%	2.836.274,40	74,99%
2018	2.836.274,40	15.330.009,36	559.334,89	14.770.674,47	17.606.948,87	11.420.860,79	64,87%	4.232.093,41	85,39%
2019	4.232.093,41	15.485.733,72	636.347,88	14.849.385,84	19.081.479,25	10.463.504,27	54,84%	5.634.968,44	77,82%
2020	5.634.968,44	12.970.127,32	388.472,73	12.581.654,59	18.216.623,03	9.312.197,67	51,12%	4.724.641,17	69,02%

Na táboa reflíctense os importes xestionados a través de liquidacións, excluindo deste colectivo a xestión por cánons a favor das entidades locais. O volume da xestión anual por liquidacións de ingreso directo efectuada no ano 2020, como xa ocorría no ano 2019, redúcese respecto aos exercicios precedentes, pasando dos 15,5 millóns no ano 2019 aos 12,9 no ano 2020, situándose nas contías económicas do ano 2017. No seu comportamento incide, aínda que mitigado polo incremento na actividade inspectora, a conclusión do procedemento de regularización, desenvolvido pola Dirección Xeral do Catastro en anos anteriores, e que incrementou durante este período o número de liquidacións emitidas en relación ao imposto sobre bens inmobles, cuxa redución substancial nos cargos se analizará separadamente.

Outro dos efectos que pode inferirse da análise dos datos presentados é a diminución nas porcentaxes de recadación voluntaria, que se explica por tres factores fundamentais. Un primeiro reside na propia conxuntura económica, como consecuencia da crise sanitaria da COVID. Deste xeito, a alteración da planificación na emisión das liquidacións trasladou a un momento posterior os seus resultados, coincidindo cunha merma na capacidade de pago das economías domésticas.

O incremento da actividade inspectora postúlase como un segundo aspecto que incide nos resultados da recadación voluntaria de liquidacións. Durante o ano 2020 mais dun 60 % das actas asinadas correspondentes a estes procedementos subscribíanse con desconformidade, o que provoca que a morosidade que desta sinatura se deriva teña un maior peso nas cifras acadadas.

Finalmente, a caída das taxas de recadación pode tamén explicarse pola xeneralización neste exercicio da obriga de notificar a través de medios electrónicos conforme aos artigos 41 e seguintes da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común. O efecto directo puntual é o pase ao período executivo das liquidacións correspondentes a aqueles suxeitos que non accederan voluntariamente mediante o emprego de medios electrónicos.



6.3 TIPOLOXÍA DOS TRIBUTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS. EVOLUCIÓN DA XESTIÓN E COBRO EN PERÍODO VOLUNTARIO



Para coñecer a evolución concreta das principais figuras tributarias, a continuación preséntase a evolución da xestión e a recadación de cada unha nos exercicios obxecto de análise.

IBI (Imposto sobre bens inmobles) de urbana, rústica e características especiais							
Xestión do padrón				Xestión das liquidacións			
Exercicio	Cargo líquido	Recadación voluntaria	% Cobros	Pte. inicial + cargo líquido	Recadación voluntaria	% Cobros	% Cobros total
2016	64.257.390,36	55.792.812,06	86,83%	7.044.951,64	3.869.853,56	54,93%	83,68%
2017	64.714.208,71	56.322.668,38	87,03%	8.147.319,06	5.076.047,74	62,30%	84,27%
2018	67.267.722,07	58.492.741,32	86,96%	10.985.129,63	7.296.735,97	66,42%	84,07%
2019	67.641.296,60	59.768.581,64	88,36%	9.452.326,99	5.034.819,12	53,27%	84,06%
2020	68.012.045,69	60.794.291,48	89,39%	6.336.155,56	3.089.432,92	48,76%	85,93%

O **imposto sobre bens inmobles (IBI)** constitúe a figura impositiva de maior relevancia en termos cuantitativos da xestión do ORAL, cuxo cargo líquido evolucionou desde un importe de 64,2 millóns de euros no ano 2016, a 68 millóns de euros no exercicio de 2020. Polo que respecta á porcentaxe de cobros, esta continúa coa tendencia a alza xa apreciada nos exercicios anteriores, pasando do 88,36 % acadado no ano 2019 ao 89,39 %. Neste tributo, un total de 22 concellos superaron o 90 % recadado respecto ao cargo líquido.

No tocante á xestión das liquidacións do imposto, a conclusión dos procedementos de regularización catastral desenvolvidos pola Dirección Xeral do Catastro provocou unha caída no importe a xestionar das liquidacións. Os efectos derivados da falta de acceso ao contido da notificación electrónica da liquidación en período voluntario cuantifícanse neste tributo nun importe de máis de 200 mil euros de entre os cargos do propio exercicio e cunha redución na porcentaxe de cobro de máis de 3 puntos porcentuais.

IAE (Imposto sobre actividades económicas)							
Xestión do padrón				Xestión das liquidacións			
Exercicio	Cargo líquido	Recadación voluntaria	% Cobros	Pte. inicial + cargo líquido	Recadación voluntaria	% Cobros	% Cobros total
2016	5.878.435,97	5.304.900,77	90,24%	503.274,72	389.644,01	77,42%	89,23%
2017	6.058.779,73	5.599.980,91	92,43%	341.087,74	263.498,91	77,25%	91,62%
2018	5.921.484,61	5.307.327,24	89,60%	404.643,00	297.795,43	73,59%	78,70%
2019	6.185.644,14	5.657.132,74	91,46%	1.644.570,49	1.042.119,07	63,37%	85,56%
2020	6.493.146,07	5.925.835,60	91,26%	2.676.089,95	1.159.683,30	43,33%	76,87%

Durante o período, a porcentaxe de recadación do **imposto sobre actividades económicas (IAE)**, unha vez axustada conforme ao cargo líquido efectivo a 31 de decembro trala aplicación das rectificacións na matrícula acordadas pola AEAT e que afectaron especialmente aos resultados do Concello de Nigrán, mantívose practicamente invariable, cun lixeiro descenso decimal na porcentaxe, situándose en 32 dos concellos nunha cifra superior ao 90%.

Polo que respecta ás liquidacións, o incremento do peso no total do cargo das liquidacións derivadas da actividade inspectora e, especialmente, das liquidacións derivadas de actas de desconformidade, provocou conxuntamente co efecto da notificación electrónica unha caída na taxa de recadación.



IVTM (Imposto sobre vehículos de tracción mecánica)							
Xestión do padrón				Xestión das liquidacións			
Exercicio	Cargo líquido	Recadación voluntaria	% Cobros	Pte. inicial + cargo líquido	Recadación voluntaria	% Cobros	% Cobros total
2016	16.618.933,17	12.809.348,41	77,08%	150.053,82	135.938,75	90,59%	77,20%
2017	16.731.307,25	13.150.647,90	78,60%	172.145,34	152.684,17	88,69%	78,70%
2018	16.717.388,01	13.129.920,29	78,54%	178.728,98	159.479,80	89,23%	78,65%
2019	16.757.258,74	12.864.614,01	76,77%	153.234,96	136.692,41	89,20%	76,88%
2020	17.258.370,13	13.877.967,72	80,41%	137.479,09	119.505,17	86,93%	80,46%

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) foi durante o ano 2020 o imposto que experimentou un maior incremento na porcentaxe de recadación. Así, en termos interanuais este crecemento supuxo preto de 4 puntos porcentuais ata situarse no 80,41 % respecto ao cargo líquido do exercicio. No relativo ás liquidacións, prodúcese unha redución substancial dos cargos en consonancia coa caída das matriculacións de vehículos experimentada na provincia, cifrada polo IGE en preto dun 16 %. Tamén neste colectivo se produce unha redución da porcentaxe de cobros que se sitúa no 86,93 %, do que máis dun punto porcentual se explica pola incidencia no acceso á notificación electrónica.

Taxas (lixo, servizo de augas e outras taxas municipais)							
Xestión do padrón				Xestión das liquidacións			
Exercicio	Cargo líquido	Recadación voluntaria	% Cobros	Pte. inicial + cargo líquido	Recadación voluntaria	% Cobros	% Cobros total
2016	22.413.101,26	18.013.962,23	80,37%	2.341.568,21	897.282,14	38,32%	76,39%
2017	22.243.539,60	18.191.406,71	81,78%	2.021.312,33	1.217.647,93	60,24%	79,99%
2018	20.783.217,64	17.997.645,55	86,60%	1.538.101,97	1.044.338,59	67,90%	85,31%
2019	20.162.384,99	18.548.505,71	92,00%	1.281.751,32	877.958,69	68,50%	90,59%
2020	22.024.249,33	18.812.028,83	85,42%	1.295.611,30	819.000,29	63,21%	83,95%

Dado que a incidencia da crise da COVID-19 supuxo a alteración das cobranzas e, en particular, de aquelas que afectan aos padróns de **taxas e prezos públicos**, isto provocou que, como consecuencia do retardo experimentado, os cobros fraccionados ou domiciliados, con especial importancia relativa neste tributo, non se reflectan na recadación efectiva a 31 de decembro. Por este motivo, cómpre adoptar un enfoque alternativo que considere exclusivamente as taxas de recadación atendendo aos valores realizables, é dicir, aqueles susceptibles de cobro durante o exercicio, conformados polo pendente inicial e o cargo líquido, descontada a voluntaria non finalizada ao remate do exercicio, co que se obtén a situación dos principais padróns tributarios, que se reflecte no seguinte cadro:


Recadación de padróns atendendo aos valores realizables			
Tributo	Valores realizables (Pte. Inicial + cargo líquido voluntaria non finalizada)	Importe recadado	% Recadación real
IBI	67.129.563,13	60.794.291,48	90,56%
IAE	6.499.921,07	5.925.835,60	91,17%
IVTM	17.195.224,08	13.877.967,72	80,71%
Taxas	21.306.194,12	18.812.028,83	88,29%

Finalmente, o ORAL xestiona por conta dos entes delegantes as liquidacións do **imposto sobre construcións, instalacións e obras e outros recursos** de natureza tributaria e non tributaria cuxos resultados se presentan a continuación:

ICIO (Imposto sobre construcións, instalacións e obras)			
Exercicio	Pte. inicial + cargo líquido	Recadación voluntaria	% Cobros
2016	765.970,36	454.568,47	59,35%
2017	1.567.970,55	743.500,21	47,42%
2018	997.806,86	625.058,93	62,64%
2019	646.266,80	389.972,24	60,34%
2020	1.682.044,23	951.469,84	56,57%

Outros conceptos (cobros directos, plusvalías, xuros de mora e outros)			
Exercicio	Pte. inicial + cargo líquido	Recadación voluntaria	% Cobros
2016	3.385.160,36	1.763.913,67	52,11%
2017	3.311.874,21	2.048.028,73	61,84%
2018	2.337.690,32	1.146.923,07	49,06%
2019	4.060.968,69	2.183.666,74	53,77%
2020	4.881.602,85	2.450.051,15	50,19%

6.4 EVOLUCIÓN DAS DOMICILIACIÓNS




Para completar a análise da xestión e recadación en período voluntario, a continuación preséntase a evolución dos cobros efectuados como consecuencia das domiciliacións bancarias de tributos de cobro periódico por parte das persoas interesadas, que está intimamente relacionada coa recadación voluntaria de padróns. Así, no tocante á evolución das domiciliacións dos principais padróns de carácter tributario rexístranse as seguintes porcentaxes:

Padrón	2016	2017	2018	2019	2020
Taxa de auga	68,33%	70,22%	74,81%	78,93%	77,08%
Recollida do lixo	61,27%	63,92%	66,25%	68,40%	69,26%
IAE	35,63%	35,56%	39,81%	41,24%	45,14%
IBI	51,17%	53,59%	54,89%	57,19%	60,43%
IVTM	34,42%	35,29%	36,24%	36,60%	37,38%

En termos globais, en 2020 mantívose inalterado o número de valores domiciliados, cunha pequena variación do -0,23% e incrementándose o seu importe con respecto a aquel que se viña rexistrando en anos anteriores, situándose a taxa de crecemento interanual nun 3,59 %.

Exercicio	Nº valores	Importe	% de incremento interanual (núm. de valores)	% de incremento interanual (importe)
2016	708.868	53.513.465,15	-	-
2017	753.047	56.743.468,86	6,23%	6,04%
2018	757.780	59.147.549,22	0,63%	4,24%
2019	793.294	62.408.949,88	4,69%	5,51%
2020	791.478	64.650.768,13	-0,23%	3,59%

EVOLUCIÓN DAS DOMICILIACIÓNS. PRINCIPALIS PADRÓNS TRIBUTARIOS



6.5 XESTIÓN E RECADACIÓN GLOBAL



A ratio da recadación global entregada aos entes delegantes sitúase no 56,28 % dos dereitos que se van xestionar, con pequenas variacións decimais nos últimos tres exercicios.

Exercicio	2016	2017	2018	2019	2020
Pendente inicial (1 de xaneiro)	71.667.189,66	80.902.615,26	85.191.636,16	87.978.873,62	87.545.179,31
Cargos (VOL + EXE)	131.147.584,56	127.567.606,21	131.248.050,18	129.760.158,52	130.796.434,08
Total de dereitos para xestionar	202.814.774,22	208.470.221,47	216.439.686,34	217.739.032,14	218.341.613,39
Total cobros	116.625.257,12	118.726.455,50	121.688.589,60	122.983.583,17	122.883.668,54
% cobros (cobros/dereitos para xestionar)	57,50%	56,95%	56,22%	56,48%	56,28%
Total de baixas	5.286.901,84	4.552.129,81	6.772.223,12	7.210.269,66	11.894.284,91
Valores realizables	197.527.872,38	203.918.091,66	209.667.463,22	210.528.762,48	206.447.328,48
Cobros / valores realizables	59,04%	58,22%	58,04%	58,42%	59,52%
Pendente de cobro (31 de decembro)	80.902.615,26	85.191.636,16	87.978.873,62	87.545.179,31	83.563.659,94

O incremento dos valores para xestionar foi de máis de 15 millóns de euros no período 2016-2020, cunha taxa de variación do 7,66 % (os valores sen baixa, os que constan como realizables a 31 de decembro de cada anualidade, aumentaron en 9 millóns de euros). O crecemento da recadación no mesmo período cifrouse en 4 millóns de euros, cunha taxa de variación do 5,37 %, e situouse no ano 2020 en 122.883.668,54 euros. O volume total de valores pendentes de cobro (en voluntaria e executiva) o 31 de decembro no exercicio de orixe pasou de 80,9 a 83,6 millóns de euros en 2019, contando cun incremento notorio das baixas froito dos procesos especiais de depuración desenvolvidos.

A porcentaxe de cobro sobre valores xa depurados (excluídas as baixas) experimentou un lixeiro ascenso, situándose no 59,52%.

Exercicio	Voluntaria	Executiva	Total recadado
2016	100.193.434,15	16.431.822,97	116.625.257,12
2017	103.527.291,30	15.199.164,20	118.726.455,50
2018	106.349.315,56	15.339.274,04	121.688.589,60
2019	107.302.338,37	15.681.244,80	122.983.583,17
2020	108.722.321,30	14.161.347,24	122.883.668,54

En marzo de 2021 liquidóuselle aos concellos a contía de 4.413.365,95 euros (cota municipal), que non se representa no cadro anterior.


6.6 XESTIÓN RECADATORIA EN VÍA VOLUNTARIA



Os resultados acadados na vía voluntaria no ano 2020 reflíctense no cadro que se presenta a continuación:

Exercicio	2016	2017	2018	2019	2020
Pendente inicial (1 de xaneiro)	12.520.188,94	13.040.757,00	12.753.004,77	14.460.980,07	13.348.474,80
Cargo voluntaria	121.648.656,88	124.084.371,52	127.673.909,85	126.760.166,31	127.700.326,34
Para xestionar	134.168.845,82	137.125.128,52	140.426.914,62	141.221.146,38	141.048.801,14
Cobros	100.193.434,15	103.527.291,30	106.349.315,56	107.302.338,37	108.722.321,30
% cobros (cobros/dereitos para xestionar)	74,68%	75,50%	75,73%	75,98%	77,08%
Baixas	1.092.578,23	1.098.240,41	857.124,77	1.164.196,00	774.324,09
Valores realizables	133.076.267,59	136.026.888,11	139.569.789,85	140.056.950,38	140.274.477,05
Cobros / valores realizables	75,29%	76,11%	76,20%	76,61%	77,51%
Pendente de cobro en período voluntario	32.882.833,44	32.499.596,81	33.220.474,29	32.754.612,01	31.552.155,75
Período voluntario non pechado (31 de decembro)	13.040.757,00	12.753.004,77	14.460.980,07	13.348.474,80	14.095.056,35
Pase a executiva	19.842.076,44	19.746.592,04	18.759.494,22	19.406.137,21	17.457.099,40

Durante o ano 2020 produciuse un incremento nas taxas de recadación en período voluntario motivado polo incremento experimentado na recadación voluntaria de padróns, situándose o indicador de cobros nun 77,08 % que ascende a un 77,51% se a análise se realiza atendendo aos valores realizables.




6.7 XESTIÓN RECADATORIA EN VÍA EXECUTIVA



Finalizado o período de pago en vía voluntaria dos valores postos ao cobro polo ORAL, e, unha vez recibidos os correspondentes cargos remitidos polos concellos que só teñan delegada a recadación en vía executiva dos seu tributos, realízanse as xestións de cobro en vía executiva segundo o establecido na lexislación de aplicación.

Exercicio	2016	2017	2018	2019	2020
Pendente inicial (1 de xaneiro)	60.023.006,72	68.751.347,04	73.355.051,01	73.517.893,55	74.196.704,51
Executiva enviada por entes delegantes	9.528.944,51	3.510.459,38	3.659.420,20	2.999.992,21	3.096.107,74
Valores en executiva no exercicio	19.978.201,21	19.852.045,00	18.963.890,76	19.406.137,21	17.457.099,40
Para xestionar	89.530.152,44	92.113.851,42	95.978.361,97	95.924.022,97	94.749.911,65
Cobros	16.549.819,87	15.291.492,17	15.579.443,73	15.681.244,80	14.161.347,24
% cobros (cobros/dereitos para xestionar)	18,49%	16,60%	16,23%	16,35%	14,95%
Baixas en vía executiva	4.228.985,53	3.467.308,24	6.130.335,09	6.046.073,66	11.119.960,82
Valores realizables	85.301.166,91	88.646.543,18	89.848.026,88	89.877.949,31	83.629.950,83
% cobros sobre valores realizables	19,40%	17,25%	17,34%	17,45%	16,93%
Pendente de cobro (31 de decembro)	68.751.347,04	73.355.051,01	74.268.583,15	74.196.704,51	69.468.603,59
% xestión	23,21%	20,36%	22,62%	22,65%	26,68 %

Cobros executiva



A contía da recadación en período executivo ascendeu a 14.161.347,24 €, experimentando unha redución respecto aos exercicios anteriores. Isto explícase en parte pola ampliación e retardo dos períodos de cobranza, que incrementaron os cobros en vía voluntaria, diminuíndo o importe do pase ao período executivo e diferindo ata ano 2021 os resultados da recadación executiva dos valores do exercicio.

Outro dos motivos que inciden no comportamento das cifras rexistradas vén dado pola suspensión das actuacións de recadación executiva durante practicamente a totalidade da vixencia do primeiro estado de alarma, o que se materializou en caídas nos cobros rexistrados, especialmente durante os meses de marzo, abril e maio.

Comentadas as apreciacións descritas, o indicador dos cobros efectuados por conta dos entes delegantes no ano 2020 situouse no 14,95 % sobre os valores para xestionar e a porcentaxe de cobros sobre valores xestionados (cobrados e dados de baixa) foi do 16,93 %, o que representa unha porcentaxe de xestión de valores do 26,66 %, incrementándose esta última como consecuencia das baixas acordadas durante o exercicio.

O pendente de cobro en vía executiva o 31 de decembro reduciuse en case 5 millóns de euros, como consecuencia dos procedementos de depuración en vía executiva descritos, situándose ao peche do exercicio en 69.468.603,59 euros. Así, dun importe de máis de 11 millóns de baixas, case un 84 % correspóndense con valores do ano 2016 e anteriores, o que supón unha contía de 9.308.275,34 euros.

A gráfica representa a evolución da execución dos valores en período de cobro executivo dos últimos seis anos.



Segundo a Disposición adicional terceira da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos de xestión, inspección e recadación que se prestan na Deputación: “os importes recadados por xuros de mora corresponderanlles, na súa totalidade, ás administracións titulares dos recursos en cuxa xestión de cobro se recadaron”, os intereses derivados da vía de cobro en vía executiva liquidados aos entes delegantes no período son os seguintes:

Exercicio	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Xuros en executiva	914.702,07	561.109,63	487.041,83	512.585,61	567.809,55	544.835,12

6.8 VOLUME DE XESTIÓN DO ORAL

Ademais da xestión por conta doutros entes, o ORAL xestiona, tributos propios e outros ingresos da Deputación de Pontevedra, coma o recargo provincial do IAE. A recadación voluntaria e executiva derivada da integridade da xestión presentou segundo a aplicación de xestión tributaria a seguinte evolución:

Exercicio	Cobros en vía voluntaria	Cobros en vía executiva	Total recadado
2016	102.064.834,38	16.549.819,87	118.614.654,25
2017	105.440.658,09	15.291.492,17	120.732.150,26
2018	108.300.083,54	15.579.443,73	123.879.527,27
2019	109.623.387,13	15.801.703,11	125.425.090,24
2020	110.958.236,69	14.524.519,01	125.482.755,70

Exercicio	Valores para xestionar (1)	Baixas totais (2)	Cobros totais (3)	PTE. Cobro a 31/12	% Baixas (2)/(1)	% Cobros (3)/(1)	% Pendente (4)/(1)
2015	200.329.561,28	6.577.753,87	121.081.814,95	72.669.992,46	3,28%	60,44%	36,28%
2016	205.851.647,28	5.326.509,25	118.614.654,25	81.910.483,78	2,59%	57,62%	39,79%
2017	211.518.008,41	4.569.060,18	120.732.150,26	86.216.797,97	2,16%	57,08%	40,76%
2018	219.919.190,00	7.084.325,07	123.879.527,27	88.955.337,66	3,22%	56,33%	40,45%
2019	221.367.542,60	7.376.950,64	125.425.090,24	88.565.501,72	3,33%	56,66%	40,01%
2020	222.232.961,94	12.023.228,12	125.482.755,70	84.726.978,12	5,41%	56,46%	38,13%





7

Xestión das sancións de tráfico

O ORAL asume competencias encomendadas polos concellos en materia de sancións de tráfico. O alcance destas esténdense á colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de tráfico, así como á recadación voluntaria e executiva das sancións que deriven destes procedementos.

Baixo esta premisa, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020 foron rexistradas na aplicación informática do ORAL e xestionadas por este órgano un total de **16.494 denuncias** efectuadas por axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, segundo se mostra na seguinte táboa:

Resumo das denuncias tramitadas	Total	Porcentaxe
Paradas e estacionamento	7.064	42,83%
Desobediencia a marcas e sinais	4.520	27,40%
Incumprimento da ordenanza municipal	2.543	15,42%
Exceso de velocidade	678	4,11%
Incumprimento da obriga de identificar a persoa condutora	380	2,30%
Uso do teléfono móbil	331	2,01%
Uso do cinto de seguranza	324	1,96%
Alcoholemias	250	1,52%
Outros motivos	404	2,45%

En canto aos datos de xestión das devanditas sancións, obtivéronse os seguintes resultados:

	Recadación voluntaria	%	Recadación executiva	%	Total	DIF	Variación sobre 2016
2016	761.177,00	62,85	449.854,46	37,15	1.211.031,46	-	-
2017	751.035,00	64,91	405.990,46	35,09	1.157.025,46	-54.006,00	-4,46%
2018	850.529,00	69,1	380.335,90	30,9	1.230.864,90	19.833,44	1,64%
2019	798.276,00	61,38	502.231,13	38,62	1.300.507,13	89.475,67	7,39%
2020	723.055,00	57,77	528.633,13	42,23	1.251.688,13	40.656,67	3,36%






8

Xestión catastral

A Deputación de Pontevedra subscribiu en 2001 o Convenio de colaboración coa Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro). Mediante este convenio o ORAL leva a cabo, por conta da Dirección Xeral do Catastro, os labores de actualización e mantemento catastral dos seguintes concellos: Agolada, Barro, Baiona, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Cangas, A Cañiza, Catoira, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Crecente, Cuntis, Dozón, A Estrada, Gondomar, Lalín, A Lama, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Moraña, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Portas, Poio, Ponteareas, Ponte Caldelas, Pontecesures, Rodeiro, O Rosal, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga, Vilaboa, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa. A esta relación, adheriuse o Concello de Fornelos de Montes durante o ano 2020, alcanzando un total de 48 concellos xestionados.

Os labores de mantemento inclúen tanto a tramitación de alteracións de orde xurídica coma de orde físico-económico no ámbito territorial destes concellos. Os datos de tramitación por tipoloxías de expedientes foron no exercicio 2020 os seguintes:



Durante o ano 2020, continuaron realizándose as labores de comprobación do territorio por parte das e dos axentes catastrais. Malia que estas se detiveron durante os meses de marzo a xuño como consecuencia da COVID-19 e tiveron que ser concentradas fundamentalmente durante o segundo semestre do ano, esta circunstancia non impediu a transgresión das cifras acadadas no ano anterior. Así, da análise dos datos globais, obtense un incremento de máis do 90% do número de inmobles visitados e con efectos no número de declaracións catastrais inducidas, alterándose lixeiramente a súa composición.

	2019	2020	Variación
Núm. de km percorridos	8.650	8.778	1,48%
Núm. de inmobles visitados	113	218	92,92%
Núm. de declaracións de alteración catastral inducidas	49	98	100,00%
Núm. de declaracións de orde físico - económico inducidas	51	34	-33,33%

Os resultados desta actividade posúen como efecto inmediato a actualización do Catastro, que conta con incidencia nas figuras impositivas das facendas locais, onde sobre a información nel contida se conforma o padrón do imposto sobre bens inmobles.




Actuacións no ámbito da xestión

9.1. EXPEDIENTES XESTIONADOS



A continuación amósase o nivel de actividade levado a cabo polo ORAL, tanto no que fai referencia ao convenio de colaboración en materia de xestión catastral coma no relativo aos procedementos de xestión, recadación, comprobación e inspección en materia de tributos e outros ingresos de dereito público.

Número de expedientes xestionados (finalizados)	
Alteracións catastrais de orde xurídica	5.900
Outras alteracións catastrais	1.873
Declaracións	10.079
Beneficios fiscais	5.068
Adiamentos/fraccionamentos	4.347
Emisión de informe/certificación	3.861
Solicitudes de rateo IVTM/IAE	213
Outras solicitudes (suspensión, compensación, plan de pagamento personalizado...)	2.520
Recursos	6.500
Xestión interna (hipoteca legal tácita, sucesores)	427
Inspeccións e comprobacións	1.232
Procedemento sancionador	143
Declaracións de taxas e PP	10.147
Outros tipos de expedientes (afección de bens, procedemento concursal, derivacións...)	2.978
Total	55.288



9.2. OUTRAS ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA XESTIÓN




Proxecto "ORAL informa"

Continuando co desenvolvemento do proxecto "ORAL informa", instaurado no ano 2019 e que naceu como un sistema estandarizado de emisión e recepción de información áxil para as persoas contribuíntes mediante o uso de varias ferramentas coma SMS, correo electrónico, redes sociais, novas web, prensa escrita e pantallas de información, durante o ano 2020 a evolución deste proxecto estivo fortemente condicionada polo novo marco normativo que lle afecta ao tratamento dos datos de carácter persoal. Así, desenvolvéronse unha serie de accións tendentes a continuar con esta difusión de avisos persoais para subscritoras e subscritores, coa difusión de información xenérica, coma o inicio das cobranzas, as data de cargo en conta de tributos domiciliados e, en xeral, doutras situacións nas que quede acreditada a urxencia e que se materializaron na emisión dun total de 107.395 mensaxes SMS e 66.823 correos electrónicos.

Polo que respecta ás redes sociais, o ORAL ten presenza a través das contas corporativas da propia Deputación Provincial en Facebook e Twitter. Continuando coa dinámica iniciada no ano anterior, en 2020 apréciase un incremento do impacto en Twitter e Instagram en detrimento da rede social Facebook que experimenta unha diminución no seu uso.

Rede social		2019	2020	Variación interanual
Facebook	Número de publicacións	17	13	-23,5%
	Alcance total	30.436	29.833	-2,0%
	Interaccións totais	1.472	2.298	56,1%
	Alcance medio	1.790	2.295	28,2%
Twitter	Número de publicacións	105	138	31,4%
	Alcance total	30.436	87.981	189,1%
	Interaccións totais	1.451	1.378	-5,0%
	Alcance medio	618	638	3,2%
Instagram	Número de publicacións	3	3	0,0%
	Alcance total	1.415	2.211	56,3%
	Interaccións totais	11	105	854,5%
	Alcance medio	472	737	56,1%



RETROALIMENTACIÓN

O ORAL abriu no exercicio 2019 dúas novas canles directas de comunicación. A primeira delas foi o formulario de consulta "Contacta", que ofrece acceso directo aos nosos servizos de información para a realización de consultas no ámbito tributario e que contou durante o ano 2020 con 9.100 visitas. Ademais tamén se puxo en marcha unha ferramenta coa finalidade de medir o grao de satisfacción das persoas contribuíntes cos nosos servizos a través da habilitación dunha enquisa de satisfacción que contou con 162 visitas no último ano e foi cumprimentada por 24 usuarios de 16 municipios distintos da provincia.



TRANSPARENCIA, FORMACIÓN E COLABORACIÓN ORAL. ENTES DELEGANTES

Durante o ano 2020 o ORAL continuou coa dinámica de xuntanzas semestrais coas técnicas e técnicos dos concellos delegantes, abertas a responsables políticos, co fin de promover a transparencia e a colaboración e a mellora da eficacia e eficiencia na xestión recadatoria. Malia que a incidencia da crise do COVID19 supuxo a necesidade de adaptación do formato que con carácter periódico se viña desenvolvendo, nos meses de maio e outubro realizáronse de xeito telemático dúas xornadas que pretendían orientar aos entes delegantes respecto ás medidas fiscais acordadas á crise sanitaria vixente. Así, a primeira delas, na que participaron un total de 42 concellos estivo centrada na presentación do novo calendario fiscal, a flexibilización dos pagamentos a través do Plan Personalizado de Pagos extraordinario COVID e a posta en común das distintas opcións en materia de beneficios fiscais acordadas á nova realidade.

No segundo semestre, a xornada de traballo estivo orientada a reforzar o asesoramento que xa se viña prestando aos entes delegantes, achegando ordenanzas tipo para facilitar a instauración de medidas de política fiscal tendentes a paliar os efectos da crise sanitaria e a afrontar os novos retos que desta se presentan. A maiores, presentáronse novos modelos para a rendición de contas e novidades na carta de servizos da recadación executiva.

A stack of several books is shown, with several black paper clips attached to the pages. The background is a blurred green and brown, suggesting an outdoor setting. The number '10' is prominently displayed in white, large font over the books.

10

**Achegas de liquidez
aos concellos.
Anticipos a conta**


De conformidade coas bases de execución do orzamento da Deputación, as liquidacións e os anticipos dos fondos procedentes da actividade recadatoria axustaranse aos seguintes parámetros:

- 1) **Anticipos mensuais de carácter ordinario:** a Deputación, a través do ORAL, realiza entregas a conta mensuais da recadación polos padróns pendentes de ingreso dos impostos sobre a base de cálculo do 100% do importe dos do ano anterior. Estes efectúanse desde o mes de xaneiro ata a liquidación definitiva dos correspondentes padróns, cun máximo de 10 entregas anuais.
- 2) **Anticipos de carácter extraordinario:**
 - a) En relación cos padróns: as entidades delegantes poderán solicitar previamente ata o 75 % do importe total dos padróns de taxas e prezos públicos no momento da súa aprobación definitiva. Se a petición de anticipo se realiza sobre un padrón de nova elaboración, esta porcentaxe reducirase ao 60 %. De maneira excepcional, concederáse un anticipo sobre padróns de taxas pendentes de aprobación nos termos establecidos regulamentariamente. En particular, de conformidade coa resolución da Presidencia de 23 de marzo de 2020 pola que se adoptaron determinadas medidas tendentes a paliar a crise sanitaria da COVID-19, durante este exercicio puideron acollerse a esta modalidade todos aqueles concellos que o solicitasen coa única limitación da contía máxima do 100 % da recadación efectiva realizada no exercicio 2019 polos citados tributos.
 - b) En relación coas liquidacións directas e en vía executiva: as entidades delegantes poderán solicitar previamente a recadación coñecida en período voluntario por liquidacións de contraído previo e ingreso directo, liquidacións de contraído simultáneo e autoliquidacións, incluída a recadación executiva ingresada pendente de liquidarlle ao concello.


Os anticipos e entregas a conta compensaranse coas liquidacións definitivas, tanto en período voluntario coma en vía executiva.



Anticipos ordinarios:




Anticipos extraordinarios:



	Anticipos ordinarios (1)	Anticipos extraordinarios (incluidos anticipos COVID)	Total
2016	56.288.358,41 €	5.517.165,69 €	61.807.540,10 €
2017	57.208.055,11 €	3.249.609,58 €	60.459.681,69 €
2018	57.338.542,49 €	2.658.107,16 €	59.998.667,65 €
2019	59.218.328,00 €	1.638.946,47 €	60.857.274,47 €
2020	63.634.160,00 €	3.795.547,97 €	67.429.707,97 €

A apelación ao recurso dos anticipos extraordinarios como mecanismo para paliar as dificultades transitorias de liquidez experimentou un crecemento respecto ao exercicio anterior dun 132%. Deste importe, unha contía de 1.818.971,97€ e que supón case un 48 % do total destes anticipos correspóndese con solicitudes no marco das medidas específicas para atenuar os efectos na tesourería derivados da COVID-19. Excluíndo do cómputo esta contía, o importe anticipado extraordinariamente comparable cos exercicios anteriores foi de 1.976.576,00€, o que supón igualmente un incremento interanual do 20,60%.

Detalle dos anticipos extraordinarios



ANEXO

Detalle das delegacións asumidas

Delegacións efectuadas polos distintos concellos:

Concellos	IBI	IAE	IVTM	Altas IVTM	IIVTNU	Multas tráfico	ICIO	Xest. Catastral	Taxas	Recad. Exec
Arbo	✓	✓	✓	✓					✓	✓
Barro	✓	✓	✓	✓			✓	✓	✓	✓
Baiona	✓	✓	✓			✓	✓	✓	✓	✓
Caldas de Reis	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Cambados	✓	✓	✓		✓	✓		✓	✓	✓
Campo Lameiro	✓	✓	✓				✓	✓	✓	✓
Cangas	✓	✓			✓	✓	✓	✓	✓	✓
Cañiza, A	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓
Catoira	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Covelo	✓	✓	✓				✓	✓	✓	✓
Crecente	✓	✓	✓					✓	✓	✓
Cuntis	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓
Dozón	✓	✓	✓					✓	✓	✓
Estrada, A	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Forcarei						✓				✓
Fornelos de Montes	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Agolada	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Gondomar	✓	✓	✓			✓		✓	✓	✓
Grove, O						✓				✓
Lalín	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓
Lama, A	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Meaño	✓	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓
Meis	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓
Moaña	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Mondariz	✓	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓
Mondariz-Balneario	✓	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓
Moraña	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Mos	✓	✓			✓	✓	✓	✓		✓
Neves, As	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓
Nigrán	✓	✓					✓	✓		✓
Oia	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓	✓

Concellos	IBI	IAE	IVTM	Altas IVTM	IIVTNU	Multas tráfico	ICIO	Xest. Catastral	Taxas	Recad. Exec
Pazos de Borbén	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Porriño, O	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Portas	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Poio	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓
Ponteareas	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓	✓
Ponte Caldelas	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓
Pontecesures	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓
Rodeiro	✓	✓	✓	✓				✓	✓	
Rosal, O	✓	✓	✓		✓	✓		✓	✓	✓
Salceda de Caselas	✓	✓	✓		✓	✓	✓		✓	✓
Salvaterra de Miño	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓	
Sanxenxo	✓	✓	✓				✓	✓	✓	✓
Silleda	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓	
Soutomaior	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓
Tomíño	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓
Tui	✓	✓	✓			✓	✓	✓	✓	✓
Valga	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓
Vilaboa	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Vila de Cruces	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Vilagarcía de Arousa										✓
Vilanova de Arousa	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓
Illa de Arousa, A						✓			✓	✓
Cerdedo-Cotobade	✓	✓	✓					✓	✓	✓

Delegacións efectuadas por outras entidades locais:

Outras entidades locais	Taxas	Recadación executiva
Consorcio Contraincendios das Comarcas do Salnés	✓	
Consorcio Contraincendios das Comarcas de Deza e Tabeirós	✓	
Consorcio Provincial contra Incendios	✓	✓
Mancomunidade do Morrazo (Bueu, Cangas e Moaña)	✓	✓
Consorcio Contraincendios das Comarcas do Baixo Miño, do Condado e Louríña	✓	
Entidade Local Menor de Bembrive, Vigo		✓
Entidade Local Menor de Chenlo, O Porriño		✓
Mancomunidade de Val Miñor		✓
Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro		✓

